


Paisaxe e arte na poética
de **Man**



ÍNDICE

INTRODUCCIÓN

Resumo.....	02
Introdución.....	03
I. VIDA.....	04
II. MAXE.....	09
III. CÍRCULOS.....	13
IV. VIVENDA.....	14
IV.I. Creación.....	14
IV.II.Exterior.....	16
IV.III.Interior.....	17
IV.IV.Referencias.....	17
V. OBRA	
V.I. Introducción.....	19
V.II. Obra escultórica.....	19
V.II.I Land art.....	21
V.II.II. Arte povera.....	23
V.II.III. Arte ambiental.....	24
V.III. Obra gráfica.....	27
V.IV. Obra fotográfica.....	29
VI. ACTUALIDADE.....	32
CONCLUSIONES.....	33
BIBLIOGRAFÍA.....	35
ÍNDICE DE IMAXES.....	38

Paisaxe e arte na poética de Man

AUTORA:

M^a Luna Suárez Marcote

DNI: 78809753-T

REFERENCIA DE TFG: alu-07

TUTORA:

M^a Amparo Casares Gallego

CURSO ACADÉMICO: 2015-2016

DATA DA ENTREGA: 13/11/2015





03

RESUMO

O traballo que se presenta a continuación pretende achegar unha memoria, dende a faceta artística, do traballo de Man.

Procúrase a reivindicación do seu legado na paisaxe de Camelle pero sobre todo o seu recoñecemento como artista polifacético que consegue combiar **escultura, pintura, paisaxe, arquitectura e fotografía.**

No seguinte documento expóñense datos e citas de expertos en arte como Antón Castro, escritores como Xoán Abeleira, expertos en arquitectura como Xoán Creus, organizadores e partícipes do novo museo “Man: mar arte e natureza” como Andrea Serodio, e vivencias dos veciños da localidade costeira, que, en combinación con palabras expresadas por Man, nos fan chegar unha maior claridade do seu pensamento e do seu modo de vida

RESUMEN

El trabajo que se presenta a continuación pretende acercar una memoria, desde la faceta artística, del trabajo de Man.

Se busca la reivindicación de su legado en el paisaje de Camelle pero sobre todo su reconocimiento como artista polifacético que consigue combinar **escultura, pintura, paisaje, arquitectura y fotografía.**

En el siguiente documento se exponen datos y citas de expertos en arte como Antón Castro, escritores como Xoán Abeleira, expertos en arquitectura como Xoán Creus, organizadores y partícipes del nuevo museo “Man: mar arte e natureza” como Andrea Serodio y vivencias de los vecinos de la localidad costera, que, en combinación con palabras expresadas por Man, nos hacen llegar una mayor claridad de su pensamiento y de su modo de vida

SUMMARY

The work which is presented herewith intends to show a memory, from an artistic point of view, of the work of Man.

The vindication of his legacy is sought in the landscape of Camelle, but, above all, his recognition as a multifaceted artist who is able to combine **sculpture, painting, landscape, architecture and photography.**

In the following document, data and quotes from art experts are provided, experts such as Antón Castro, writers such as Xoán Abeleira, architectural experts such as Xoán Creus, organizers and participants of the new museum “Man”; sea, art and nature” such as Andrea Serodio and experiences of the neighbors from the coastal town, which, together with words expressed by Man, give us a clearer insight into his thoughts and way of life.



INTRODUCCIÓN

“A costa de Galicia, foi, e é, un espazo habitado pola imaxinación de artistas de todas as épocas e xéneros. Lendas, cancións, historias cuxa borrosidade entre o real e o ficticio propician o calafriño de quen as escoita por primeira vez, acompañáronnos neses días chuviosos, nos que aquí, non se pode facer moito máis que ler, escoitar ou mirar desde a comodidade dos nosos fogares. A distancia e o tempo poida que nos faga dubidar da veracidade da existencia dun ser, que noutra época, noutro lugar, quizais fose un ser mítico con final épico incluído. Manfred Gnadinger, o alemán de Camelle, poderíamos dicir que reúne todos os requisitos para converterse en lenda, unha personaxe cando menos peculiar que nin pasaba desapercibido nin deixaba indiferente a ninguén. Man, como todos o coñecemos, deixou a súa pegada artística nesa costa salvaxe coa que tanto se identificaba, tanto como para vivir sen apenas nada en total comuñón coa natureza. Unha obra froito de

anos de recompilación e coidado esmerado que sufriu un durísimo golpe cando o Prestige derramou sobre ela o chapapote, que levou con el gran parte das pinturas. Din, cantan, escriben que este ataque brutal ao que para el eran os seus froitos, os seus fillos, precipitou a súa morte.”

Con estas palabras abriuse a xornada de actas para decidir como poder recuperar a obra de Man, o documento pódese atopar dende a páxina do museo www.mandecamelle.com

01_PORTADA. Pintura sobre táboa. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.G.03064

02_INDICE. Fotografía dunha das esculturas do museo-xardín. Pertence ao artigo “Man.Camelle” da revista TECTONICA, Lugares.

03_RESUMO. Imaxe do interior da vivenda con Man debuxando. Tomada da revista do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia “Obradoiro Nº34”, dirixida por Carlos Quintáns e Carlos Pita



05

VIDA

A imaxe de Man cando chegou a Camelle pouco ten que ver coa imaxe coñecida del. Ninguén diría que aquel alemán, chegado na véspera das festas principais da localidade no ano 1962, marcaría un cambio na historia de Camelle valorando a súa paisaxe e facendo este lugar coñecido pola súa figura. Pero non só a data de chegada será sinalada senón tamén a data da defunción, o día dos Santos Inocentes de 2002.

“A vida de Man saberase cando Man morra” dicía, e así foi, ata despois da súa defunción non se coñecerán datos (aínda así escasos) da súa vida nin gran parte da súa obra, como os debuxos e as fotografías.

Manfred Gnädinger naceu en Radolfzell, unha vila preto da cidade de Friburgo (Alemaña), o 27 de xaneiro de 1936, sendo o menor de 7 irmáns. A súa nai morreu cando el só era un rapaz e o seu pai volveu casar. Debi-

do á mala relación que Manfred tiña coa madrastra, foi internado nunha institución pública, aspecto que o marcará e o levará posteriormente a colaborar con rapaces inadaptados. Entre os anos 1942 e 1950 asistiu á escola Böhringen-Constanza en Radolfzell. Os tres anos seguintes realizou a súa formación como pasteleiro baixo a supervisión do mestre pasteleiro Karl Keller no Café Keller, e en 1954 pasou a traballar na Bombonearía Graedel de Zürich e, logo, no Café Himmel en Baden.

A partir de 1957 cambia a súa profesión e comeza a realizar unha serie de prácticas en Cáritas en Frankfurt am Main e traballos no Hospital St. Wendel en Sarrebruck para poder entrar na escola de asistencia social. Múdase a Lucerna co fin de conseguir unha praza na escola de Friburgo, pero é rexeitado por falta de cupo. Nesta época realizará as súas primeiras exposicións nas localidades de Lucerna e Basilea, en Suíza, e tra-

04_Fotografía a contraluz do museo. Realizada por Manolo Pose, 1986.

05_Fotografía a de Man no museo. Realizada por Carlos Silvar, 1980.


Os datos bibliográficos da vida de Man foron tomados da páxina do museo “MAN: Mar, Arte e Natureza”, aportados pola fundación Man.

balla no reformatorio Shillingsrain en Liestal, tamén en Suíza.

Man traballaba impartindo clases de arte, crese que a estudou en Italia; tiña moi boa relación cos alumnos, incluso se carteaba con algún deles. (Afirmación de Xosé Baña Heim, un dos membros da familia que o acolleu). “Lembro que Man me dixo que estivera nun correccional ata os dezaoito anos, porque non se levaba ben coa familia, e que logo se dedicara a aprender pintura. De feito, a estancia en Italia tivo como obxectivo ver arte e perfeccionar a súa técnica. Por iso creo que cando se instalou en Suíza sería máis ben como profesor particular de pintura, xa que algúns dos seus alumnos continuaron escribéndolle a Galicia unha vez instalado aquí, e mesmo lle pedían que volvесе, o que parece probar que a relación tan persoal que debía ter con algún deles proviña dunha docencia máis ben particular. Non me consta que tivese ningún título, pero puido telo, aínda que é raro que o utilizáse para exercer fóra de Alemaña... Tamén me dixo que estivera un tempo na Bretaña”. Esta afirmación foi corroborada por Claudio Rodríguez Fer, que llo transmitiu a Xoán Abeleira, quen o publica no libro “A pegada de Man”.

Será en 1961 cando comece a súa viaxe partindo da súa vila natal e percorrendo Francia e o norte de España ata a súa chegada a Camelle en 1962, xunto con outro compañeiro alemán, do cal se separará.

Xa cando chegou, o alemán chamaba a atención pola súa vestimenta, pero non por levar farrapos, senón por todo o contrario; era un home elegante e de bo porte, sempre aseado e ben peiteado. Aínda coa dificultade do idioma, foi ben acollido pola xente posto que era unha persoa sociable. O mesmo día que chegou, os veciños levárono á casa dunha familia que falaba o alemán; a señora Eugenia Heim e Xosé Baña convértense, dende entón, en grandes amigos de Manfred. A pesar da boa relación, ninguén sabía a que se dedicaba cla-



06




10



07



11



08



12



09




13




ramente, semellaba estudar as plantas e os animais, os cales levaba á casa onde vivía de aluguer e na que pintaba e esculpía.


Dominaba tamén o inglés, o cal o levou a ter unha boa amizade cunha mestra da escola do lugar chamada María Teresa. Mantiñan longas conversas que fixeron que se namorara dela, ou iso din, pero o amor non foi correspondido e o rexeitamento por parte da moza será un dos detonantes da transformación desa primeira imaxe ata o coñecido Man. Outro dos duros golpes psicolóxicos previstos o seu cambio foi a morte da señora Eugenia Heim, a cal o trataba como un fillo. A mestura de ambos desafortunios marcarán o cambio da súa vida. Manfred rompeu todo vínculo coa sociedade, destruindo incluso gran parte da súa documentación, así o afirma Francisco Devesa, outro gran de amigo de Man.



O seu primeiro museo materialízase no interior da casa alugada, que deixará posteriormente para instarse nunha zona rochosa na beira do mar. Aquí establécese definitivamente e vive en harmonía total coa natureza, sen electricidade nin auga, mergullándose nas frías augas do mar e currendo polos camiños da vila acotío.



Nos anos 70 comeza a realizar a súa obra, na que os círculos e as cores básicas son unha parte fundamental. Co paso do tempo, a súa obra esténdese por todo o territorio e, nos anos 80, consolida o seu proxecto museístico: o xardín-museo arredor da súa vivenda. A súa forma de vida radicalízase e comeza a cultivar os seus propios alimentos e a servirse do que lle ofrece a natureza.



En 1985 lévase a cabo a construción do espigón, que Man intentou impedir con todos os seus medios, primeiro mediante escritos e, despois, encarándose directamente ante as máquinas. A creación do espigón supuxo a destrución de parte da súa obra e, como protesta, Man deixa as súas pegadas no formigón, déitase de distintas posturas cando o mate-

Fotografía realizada por Man:

06_ Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0329

07_ Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.3328

08_ Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0405

09_ Vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0386

10_ Vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.2570

11_ Vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0309

12_ Vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0323


13_ Vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0324

14_ Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0429

15_ Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0622

16_ Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0670

17_ Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0811



rial estaba aínda fresco e logo firma. Man decide facerse con este novo elemento e intégralo na súa obra en lugar de rexeitalo por destruírllle parte desta; comezan así as súas intervencións no espigón. A composición do Museo modifícase e incorpora o peirao.

“... as máquinas son cada vez máis humanas e o home é cada vez máis máquina”, “este proxecto é como unha bomba contra un piollo sobre a cabeza, ...eles din que pensan no futuro e eu non, pero eu vexo que aínda que sempre máis poboación en Camelle, Camelle non pesca máis, teñen moita máis fame para diñeiro e diñeiro,... con ese diñeiro que se cultive o mar, o alimento do futuro non é a pesca, é a alga”, entrevista a Manfred Gnädinger, MAN de Camelle, 1986, na Radio Televisión de Galicia.

A crecente inspiración e ansia por facer de fachadas e penedos unha obra súa de arte levouno a enfrontamentos con veciños e co Concello. Arrastra a dor de existir, de vivir nun corpo humano, gustaríalle ser outro ser:

“... gustaríame ser como unha árbore, ...moitas veces teño case envexa cando vexo unha árbore que moito mellor ter, gustaríame así moito mellor que son unha árbore que un home, así con raíces e non con pés... ou unha gaivota ou calquera criatura menos un home”; palabras da entrevista na RTVG.

En decembro do ano 2000 sofre unha forte caída e magoou unha perna. A pesar da inchazón e da cor morada non quere ir ao médico, pero co paso dos días cederá. Foi daquela cando lle fixeron o pasaporte para poder arranxar os papeis da Seguridade Social; grazas a isto puidéronse buscar pistas sobre el e o lugar do seu nacemento. O problema de man era máis que unha simple magoadura, o seu rego sanguíneo non circula ben e precisaba tomar o Sintrón para evitar a formación do coágulos.

O 13 de novembro do ano 2002 naufraga o petroleiro Pestic e inúndase o museo de Man coa marea negra tres días despois. O espeso chapapo-





te, que liquidou cada ser que atopou ao seu paso, levou tamén a vida de Man. Dende a inundación negra no seu museo, Man encérrase na vivenda, a xente chámalo pero el non abre a porta, e así encerrado bota cinco días. Pepe Mouzo foi un dos que tentou falar con el durante eses días, ao ver que non lle abría decidiu deixarlle a bolsa que lle levaba a carón da vivenda. Era o día 28 de decembro, a festa dos Santos Inocentes, cando Carlos Tajés decidiu entrar na casa despois de ver varios días a bolsa de Pepe aínda aos pés da porta. As primeiras noticias da morte de Man non se crían no lugar; que a xente che viñera avisar da súa morte semellaba ser unha broma, aínda que de mal gusto, propia desa data.

18_ Imaxe do conxunto museístico de Man, xa incorporado o peirao na súa obra. Tomada por Manolo Pose, 1990

19_ Imaxe de Man contemplando o seu xardín-museo. Tomada por José Manuel Casa, 1997


20_ Imaxe actual do museo tomada dende o peirao. Fotografía propia, 2015.

21_ Imaxe das pegadas que deixou Man no peirao. Fotografía propia, 2015.

22_ Imaxe de Man destruído ao contemplar os estragos do chapapote na súa obra. Tomada por José Manuel Casal para La Voz de Galicia, xornal no 2002

23_ Imaxe das pegadas que deixou Man no peirao. Fotografía propia, 2015.

24_ Imaxe das pegadas que deixou Man no peirao. Fotografía propia, 2015.



Din que “Man morreu de pena” e eu estou segura desta afirmación. A pena pola destrución do seu museo levouno a encerrarse na vivenda, a deprimirse ata o punto de deixar de comer e, sobre todo, de deixar de tomar a medicación. Man deixouse morrer, non soportaba máis o sufrimento do mundo, a carga que supuña a existencia dun ser tan preocupado por cada planta, por cada rocha, nun mundo tan ocupado por prestar atención aos demais seres.

“Eu dicir que isto non debe limparse nunca.., ser episodio da historia. Quedar así debe, para que todos recordar quen é home, porque home non querer a home, nin a mar, nin a peixes nin a praia”.



Estas palabras de Man xunto coa súa famosa fotografía darán a volta ao mundo. A imaxe, que recorda o famoso cadro O grito, de Munch, mostra a desesperación ao ver por primeira vez o seu museo anegado de chapapote, levando as mans á cabeza, impotente ao ver as súas obras destruídas, todo ao que dedicara a súa vida.



Man morreu entre tantas mortes provocadas polo Prestige, aínda que el sería a primeira vítima humana. Converteuse, así, no símbolo do Nunca Máis, no símbolo dunha terra e dun mar feridos.



IMAXE

Falar do Alemán, para unha nena camellá coma min nos anos 90, era como falar do vento de nordeste, era algo tan asumido como propio do lugar que formaba parte do vivir cotián. Quizais por velo día a día, desde que teño memoria, non me chamara a atención a súa vestimenta ou a súa forma de vida. Cando alguén me preguntaba: Por que vai ese home medio espido? Eu respondíalle: É Man. E por que vive entre as pedras? Pois porque é Man. El sempre estaba aí, sempre, coma as pedras, resistindo a forza do mar.

Ir ver o seu museo era a excursión habitual, sobre todo os domingos. Os nenos íamos encantados, era case como unha atracción o poder correr entre o labirinto feito con pedras e debuxar naqueles pequenos cadernos as esculturas que eu vía, esculturas que me recordaban a animais que o mar fora traendo e quedarán alí varados coidados por Man. A pesar de eu ter asumido o personaxe de Man, é certo que á xente lle

chamaba a atención, tanto é así que moreas de turistas o visitaban, tantos que a pesar de só cobrarlles 100 pesetas por cada visitante maior de idade, conseguiu xuntar 20 millóns. Pero os cartos que pedía por visitar o museo ou entrevistalo como el dixo “non é para min senón para a xente que o precisa máis ca min”.

Mandaba grandes doazóns de diñeiro ao Terceiro Mundo. Ademais de polas afirmacións de moitos veciños, puideren confirmalo en primeira persoa ao atopar as credenciais bancarias de transferencias a Unicef e á Cruz Vermella Internacional. Algo moi curioso destas transferencias era que no cadro de mandante, onde se escriben os datos da persoa que envía o diñeiro, escribía “Museo de Camelle” e non o seu nome.

A gran maioría dos que por alí se acercaban eran incrédulos que pensaban que era unha lenda e necesitaban confirmalo cos seus propios ollos. E a lenda de Man espallouse e

comezaron a aparecer xornalistas, radios e televisións de Galicia, España e Alemaña; ata José María Íñigo o levou ao seu programa Directísimo de TVE en 1976. Aínda despois de morto, o compositor catalán Joan Isaac estreou a canción na ópera de Barcelona titulada “Manfred” e escrita en catalán (a letra está traducida).

E, sobre todo, a prensa era o medio no que Man tivo maior difusión:

“No duro litoral coruñés, en plena Costa da Morte, atópase o pequeno porto de Camelle. Algo menos de 2.000 almas e unha economía baseada na pesca e no marisqueo. Cousa corrente en Galicia. Pero Camelle ten algo máis: Man –home–, un alemán que, afincado alí desde hai 22 anos, encontrou o seu paraíso perdido entre a forza salvaxe das ondas e a maleable rocha mariña. Solitario e talvez lúcido, creou en Camelle un museo de arte vivo.” Esta noticia foi difundida polo xornal Antena Semanal en 1985.



26



27



28

Novembre obria els seus braços
i tu nu, com cada matí,
cercaves per entre les roques
el rastre del teu paradís.

On són els ocells d'ales blanques,
on és la salvatge remor,
on és la memòria marina
de escuma i elisi del nord.

I mut contemplant la tragèdia
recordes quan vares fugir
d'aquella Alemanya boirosa
on res no tenia sentit.

Però Manfred què li han fet al mar?
que l'aigua s'ha tenyit de mort,
que arriben a la platja onades de vergonya
que ho embrutixen tot.

Pero Manfred que li han fet al mar?
que t'han atravesat el cor
amb llances de misèria
l'atlàntica bellesa que ho inundava tot.

Novembre obria els seus braços
i tu nu, com cada matí,
cercaves per entre les roques
el rastre del teu paradís.

Però qui ha estat capaç de robar-te
un somni de mar infinit,
la vida banyant-se a la platja
i el crit abissal dels dofins.

I diuen les bruixes marines
que et veuen badar pels esculls,
una ombra en tenebres, vestit de nuesa
i mar de tristesa al teus ulls.

-

Novembro abría os seus brazos
e ti espido como cada mañá,
buscabas entre as rochas,
o rastro do teu paraíso.

Onde están os paxaros de ás brancas?
Onde o salvaxe rumor...?
Onde a memoria mariña...
de escuma e alisios do norte?

E mudo, contemplando a traxedia,
recordas cando decides fuxir
daquela Alemaña brumosa,
onde ti non tiñas lugar...

Pero Manfred, ¿que lle fixeron ao mar...?
Que a auga tinguiuse de morte,
que chegan á praia ondas de vergoña
que o embrutecen todo...

Pero Manfred, ¿que lle fixeron ao mar...?
Que che arrancaron do corazón,
con lanzas de miseria, a atlántica beleza,
que o inundaba todo.

Novembro abría os seus brazos
e ti espido como cada mañá,
buscabas entre as rochas,
o rastro do teu paraíso.

Pero quen foi capaz de roubarche
un soño de mar infinito,
a vida bañándose na praia
e o berro abisal dos golfiños.

E din as bruxas mariñas
que che ven vagar polos arrecifes.
Unha sombra entre tenumbras. Vestido de nudez,
e mares de tristeza nos teus ollos.

CANCIÓN_ titulada "Manfred" de Joan Isaac, letra
original en catalán e a tradución en galego.

25_ Imaxe en primeiro plano de Man. Imaxe toma-
da da fundación Man,
<http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

26_ Imaxe de Man diante da vivenda. Tomada da
revista RESINA "revista de los seres sin arquitectu-
ra", necrológicas, caixa da 10-33 titulada MAN. Au-
tores Creus e Carrasco

27_ Imaxe de Man pintando o paseo marítimo.
Tomada da revista RESINA "revista de los seres sin
arquitectura", necrológicas, caixa da 10-33 titulada
MAN. Autores Creus e Carrasco

28_ Imaxe de Man no seu xardín museo, coa viven-
da ao fondo. Tomada da revista RESINA "revista de
los seres sin arquitectura", necrológicas, caixa da
10-33 titulada MAN. Autores Creus e Carrasco

Man era un home que a primeira vez que a xente o vía causaba unha grande impresión: delgado, case esquelético, coa pel curtida cos raios do sol e co salitre, na que se apreciaban perfectamente os ósos. Tiña o cabelo loiro e longo, ao igual que a barba, ambos os dous descoidados. A súa única vestimenta era un farrapo de tea, como se dun taparrabos se tratase, aínda que seguindo o seu percorrido fotográfico podemos ver o progresivo cambio, no cal vai perdendo a roupa e deixando medrar o cabelo.




A súa forma de vida, decididamente libre de límites que non fosen os marcados por el mesmo, desconcertaba á vez que fascinaba. Asombra a liberdade de Man e ao mesmo tempo as limitacións que el mesmo decide; desprenderse de todo o innecesario, como roupa ou obxectos persoais; non facer dano a ningún animal, o que implica ser vexetariano; unha vivenda mínima que só necesita para abrigarse do frío e do vento. Inquieta a súa renuncia, anacoreta que, a pesar de fuxir do mundo, permitía a todo o que desexase entrar na súa casa e no seu museo.




O estilo de vida de man era moi saudable. Mantiña unha alimentación vexetariana, que se baseaba en froitas e verduras e con gran cantidade de algas. A maioría das verduras que consumía cultivabas el mesmo a carón da súa casa, nunha horta. Tamén cultivaba plantas para facer infusións e consumía leite e pan que lle levaban os veciños, recorde levarlle varias veces leite con miña nai e sempre o agradecía.



Por outra parte, facía moito deporte e a diario. Tiña por costume correr, percorría grandes distancias correndo descalzo e levando só o seu taparrabos. A rutina de correr tamén a emprega para buscar materiais para o museo. En ocasións, cando atopaba algo que lle interesaba pero era demasiado grande ou pesado para transportalo, axudábase dunha carreta, pero sempre se ve correndo. Entre os seus costumes tamén destaca nadar; esta quizais é a que máis





29_ Imaxe de Man aínda vestido o lado da vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.0153

Fotografía realizada por Man ao igual que os debuxos:

30_ Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.1816

31_ Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0937

32_ Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.2999

33_ Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.3327

34_ Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.1726

35_ Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.1856

36_ Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.2677

37_ Pintura electrográfica. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G. 03025

38_ Pintura electrográfica. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G. 03061



chama a atención, non só polo feito de percorrer longas distancias senón porque nas zonas onde nadaba había forte ondada, como é o caso de Traba. Facía moitas veces o percorrido de Camelle a Traba polo mar. Nos últimos anos, debido a problemas de saúde, xa non realizaba esta práctica.

Un día normal na vida de Man, descrito por el na entrevista da TVG do 86:

“depende como é tempo, se é bo tempo traballo fóra esculturas e se é mal tempo entón gústame tamén estar na cabana para escribir, pensar, debuxar, facer obras na casa, así, cadros, cousas sobre o museo, en papel pódense realizar moitas máis ideas porque fai falta pouco tempo, con pedra e cemento é moi lento, é moi lento e pódese realizar moi pouco, moi poucas ideas e cantas máis poida realizar, canto máis rápido o traballo saénme tamén moitas máis ideas, teño tantas ideas que me faltan brazos e mans”.

Quizais o máis singular da súa forma de vida fose o illamento, a renuncia a manter unha conexión coa sociedade. Esa ansia pola soidade, por buscar o seu recuncho e facer xirar todo o seu mundo arredor del, toda a súa vida.

“Quero un mundo propio, quero pensar como eu e vivir como eu”

Palabras da entrevista a Manfred Gnädinger, MAN de Camelle, 1986, na Radio Televisión de Galicia.



39

CÍRCULO

“O círculo é o elemento do mundo, non existe máis que o círculo, é a orixe doutros elementos, o círculo é o todo” (entrevista a Manfred Gnädinger, MAN de Camelle, 1986, na Radio Televisión de Galicia).

O círculo foi o seu símbolo constante, levándoo máis aló da súa zona museística. É a forma perfecta da natureza posto que todo comeza e remata nun círculo. Implica un percorrido infinito pero tamén representa o ciclo continuo da vida, repetitivo, do que non se pode fuxir.

“O principio de todo: círculo. A orixe do círculo, o seu centro, espacio cero. O punto, espazo cero. A nada. Pola contra, o círculo con dimensión. Se me alcanza a nada, deixo de existir. Se me chega o centro do meu círculo, sou todo presente”

Man pintaba círculos en todas as partes; nas medianeiras das casas que estaban preto do mar, nos penedos

onde as pedras asomaban entre espesas árbores, nas illas rochosas que gardaba o mar, no peirao, no chan, nos muros e, por suposto, en papel. Aínda hoxe se poden atopar esas medianeiras das casas no paseo que conduce ao seu museo. Tamén se perciben eses círculos xa medio borrados nos montes de Camelle, de Arou e, incluso, chegou a debuxalos no Monte Pindo.

Durante os primeiros 20 anos os círculos de Man, ao igual que toda a súa obra, eran de cor branca e negra, logo incorpora as cores primarias ao seu repertorio e chega a usar tamén a cor verde combinando as tinturas primarias.

“Neste museo naceu a filosofía máis universal (por máis simple) do mundo: a filosofía que todo é un círculo”. Estas palabras foron tomadas da carta escrita por Man dirixida a Camelle e ao Concello de Camariñas en 1986.

39_ Fotografía do museo co peirao xa manipulado. Tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

40_ Fotografía do exterior da vivenda. Pertence ao artigo “Man.Camelle” do 30 de novembro de 2012 da revista TECTONICA, Lugares.

PLANOS VIVENDA_PLANTA_ Tomadas dos planos de “Proposta de recuperación da casa de Man en Camelle”, Creus e Carrasco arquitectos, febreiro de 2014

3D VIVENDA_ Captura tomada dun video que explica como se levanta a vivenda. O video pode accederse dende a páxina do museo ou dende a dirección https://www.youtube.com/watch?v=M-Fh-G11XV44&feature=em-share_video_user



VIVENDA

“A arquitectura desintégrese nas palabras dos homes e a casa levántase como a morada dun espírito que pode ser novo e primitivo á vez pois nel concéntranse tanto os primeiros como os últimos instintos. É o verdadeiro instinto libre o que lle permite ao home transitar entre as casas pechadas e as abertas”.

Estas palabras pertencen o artigo dos autores Creus e Carrasco que fai referencia o pensamento de Man . Apesar de crearse no ano 1996 non se publicará ata o ano 1998, en “A Terra das mil Belezas” e amplíase tempo despois na revista RESINA 1.



Nun primeiro momento Man habita unha vivenda de aluguer que lle conseguiu a familia Baña Heim, na que levará a cabo o seu primeiro museo. Durante case 10 anos comeza a facer esculturas e pinturas así como a recoller todo tipo de plantas e de ósos de animais. Os donos da vivenda, tras ver as condicións nas que tiña a casa,

botárono e decidiron buscarlle outra solución. Será o veciño Pepe Mouzo quen lle oferta cederlle un terreo ao lado do mar, como el quería. A obra da vivenda, no ano 1971, foi totalmente gratis grazas á vontade dos veciños, entre eles o albanel Laureano Pose Mouzo; anos despois será seu fillo Antonio quen lle proporcione o material para as obras, como area e cemento e, incluso, carretas para poder transportar obxectos.

Man xa ten a súa casa a carón do mar, tan a carón está que a vivenda se constrúe sobre unhas pedras de granito a escasos metros das rompentes da ondada.

C R E A C I Ó N

A vivenda que el buscaba era un habitáculo mínimo que lle permitise resgardarse do frío e do vento dos duros invernos costeiros no norte de Galicia. Falamos dun rectángulo de 13,76



metros cadrados, cunha dimensión de 4,17 m por 3,30 m en cada lado, construída en ladrillo ata unha altura de 2,52 m.


Conta tamén cun pequeno solarío para gardar calor e nel pasará a maior parte do tempo. Presenta unha altura de 1,02 m e unha superficie de 2,83 m², que, sumados a superficie en planta baixa, dan un total de 16,59 m².

Este solarío ten unha forma triangular que se engade sobre a peza base rectangular no lado curto orientándose cara ao sur de maneira directa. Vén sendo un triángulo rectángulo que se apoia na propia cuberta, onde o lado perpendicular a esta é de ladrillo, un muro cego cunha pequena porta, mentres que o lado inclinado se constrúe con vidro. A través desa pequena porta Man accedía á cuberta da vivenda, dende onde contemplaba o seu xardín-museo.







O funcionamento do solarío consistía en que os raios do sol rebotaban no muro cego vertical, proporcionándolle unha incidencia indirecta de luz nas derradeiras horas do día, así como acumular maior cantidade de calor na vivenda. Ademais, o vidro posicionado de forma inclinada na cuberta permitíalle contemplar as estrelas durante a noite.

A sección da casa polo solarío explica a súa coherencia térmica. Unha cortina de papel de aluminio controla a inercia segundo a estación. Man subía a tomar o sol neste solarío posto que cría con firmeza que o sol lle alimentaba, chegando a deixar de comer porque cría que o sol sería o suficiente para alimentarse.

Nas fotografías do interior da vivenda pódense observar unha serie de espellos redondos que Man dispoñía dunha maneira precisa creando un sistema para calefactar a vivenda. Os espellos son pendurados dende o teito acristalado que enfocan a luz solar á súa cama, estes espellos serán moi empregados no marco fotográfico.



E X T E R I O R



O máis recoñecible desta vivenda son os círculos debuxados en todo o seu exterior. Ao longo do tempo, Man cambiou en varias ocasións a fachada pintándoa de novo ou repasando o xa debuxado; a pesar dos cambios, sempre empregou o círculo como elemento principal, o mesmo que en toda a súa obra.

Se vemos as primeiras fotos podemos apreciar que as primeiras pinturas sobre a fachada eran en cores branca e negra, ao igual que as pezas do museo. Co paso do tempo engadiu cores primarias (azul, vermello e amarelo) e, posteriormente, mesturas.

Tamén destacan os pequenos OCOS que se abren como dunha forma aleatoria para o paso de luz nas partes altas e para permitir ventilación coas ventás baixas. Só aparecen catro fiestras de maior porte, das cales a única practicable é a orientada na fachada sur. Todos os vidros da vivenda está cubertos con distintos tons de celofán de cores azul, verde e vermella que lle proporcionan distintos xogos de luz tanto no interior da vivenda como nos arredores.

Este xogo coa forma, cor, tamaño e disposición dos ocos recorda de maneira directa a igrexa de Ronchamp de Le Corbusier, sobre todo o xogo de sombras e a maneir de entrar a luz.

A importancia da luz faise presente e sobre todo os xogos de sombras no interior, dispuña petos de forma perpendicular para conseguir sombras rasgadas na fachada leste que crean formas determinadas segundo a hora do día.

A casa camúflase no terreo entre aparellos e espuma de poliuretano, principalmente na súa cuberta, semellando así ser un obxecto máis traído polo mar, unha creba que se enredou nos aparellos que os pescadores rexeitaron e que a bravura do mar levou ata as rochas; o mesmo que os restos de aerosois, televisores, microchips e demais ferros oxidados que ao lado da vivenda vai depositando.

Fotografías que mostrano cambio estético das fachadas da vivenda, a fachada N permanecerá igual:

41_ Fotografía do exterior da vivenda, concretamente da fachada S e E. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G. 0153

42_ Fotografía do exterior da vivenda, fachadas S e E. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G. 03320.1

43_ Fotografía do exterior da vivenda, fachadas E e N. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G. 03326.7



44_ Fotografía do exterior da vivenda, fachadas E e N. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.2176

45_ Imaxe do exterior da vivenda vendose o alzado S e E. Tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

46_ Imaxe do exterior da vivenda, alzado S e E. Tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

47_ Imaxe do exterior da vivenda, alzados E e N. Tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

48_ Fotografía do exterior da vivenda, fachada O e S. Pertence ao artigo "Man.Camelle" do 30 de novembro de 2012 da revista TECTONICA, Lugares.



“Man dicía que todas as obras que había no interior da casa eran os seus retratos. Algas secas, paus retorcidos, ósos de delfíns e cetáceos, anacos de plásticos..., algúns moi elaborados, outros simplemente abstraccións. Cando vimos este, entendemos que todo aquilo era verdade. A casa mínima, cúbica, fórase enchendo del, multiplicado. Fronte ás obras exteriores, no interior colgaba, sostíña e pegaba cada peza con sumo coidado, entre os pequenos ramos de flores. En verdade era o seu museo escondido, o seu santuario”.


(Artigo do ano 1996 de Creus e Carrasco non publicado inicialmente, que fai referencia ao pensamento de Man; publicado tempo despois, no ano 1998, en A Terra das mil Belezas e ampliado na revista RESINA 1 dos mesmos autores).

INFLUENCIAS

Creus e Carrasco fan unha referencia das influencias na vivenda de Man mediante distintos escritos sobre a arquitectura; entre eles aparece a cabana dun indio dos Andes descrita por Henri Michaux en 1928; tamén co resumo feito por Moholy-Nagy sobre o que debe ser a arquitectura tras o seu abandono da Bauhaus; pero, sobre todo, coa arquitectura de Le Corbusier, personaxe ao cal Man admiraba e do que lles falou durante a entrevista. Algo disto hai en Man. “Son o meu mestre, o arquitecto non educado pero autoeducado”.

No campo de arquitectura, pódese simplificar nun claro referente como influencia en Man, Le Corbusier. Aparece unha vinculación entre a vivenda de Man en Camelle e o Cabanon de Le Corbusier en Cap Martin, ao sur de Francia.

“Je me sens si bien dans mon cabanon que, sans doute, je terminerai ma vie ici”, “Síntome tan ben no meu cabanón que, sen dúbida, vou rematar a miña vida aquí”. Esta frase é de Le Corbusier, aparece no libro *Le Corbusier à Cap-Martin, LE CABANON*, de Bruno Chiambretto.



49



50



51



52




53



54



55



56

Nun primeiro aspecto vencéllanse pola dimensión, ao tratarse nos dous casos dunha vivenda mínima e funcional. A vivenda de Man contará cuns 16,59 m², similar ao cabanón, que presenta unha superficie de 16 m². As dúas construcións intégranse no lugar, aínda que, por este motivo, empregan materiais diferentes. Non obstante, as dúas buscan envolver o seu exterior con elementos atopados na zona, sexan aparellos e refugalllos do mar, no caso de Man, ou anacos de troncos na cabana do famoso arquitecto. Ambas gardan tamén en común o achegamento ao mar a pesar de ser maior no caso da situación de Camelle.

Un aspecto moi significativo das dúas vivendas é a inexistencia de grandes fiestras que permitan contemplar a beleza do enclave, máis ben aparecen estreitas aperturas que son pensadas para contemplar aspectos moi concretos: unha árbore, unha pedra ou un punto preciso do horizonte. Tamén están pensadas para a entrada de luz nunha zona ou punto concreto así como para a ventilación.

A pesar destas semellanzas, non son estes os aspectos que demostran a influencia de Le Corbusier en Man e á vez a súa gran admiración por el. O aspecto principal que comparten e que os leva a ter un vínculo común é un pensamento, o espírito de illamento, a célula como modelo de supervivencia. Con todo, debemos diferenciar cada caso posto que Le Corbusier emprega esta vivenda como residencia de vacacións, onde as carencias da existencia da cociña as complementa coa presenza de restaurantes; mentres que no caso de Man é o seu refuxio diario, onde a escasa cociña se esconde no soto e a súa despensa atópase na terra que cultiva.

PLANOS VIVENDA_ALZADOS. Tomados da revista RESINA "revista de los seres sin arquitectura", neocrológicas, caixa da 10-33 titulada MAN. Autores Creus e Carrasco, 1996. Alzado Este, Sur, Oeste e Norte.

PLANOS VIVENDA_SECCIÓNS. Tomadas dos planos de "Proposta de recuperación da casa de Man en Camelle", Creus e Carrasco arquitectos, febreiro de 2014. Sección transversal e sección lonxitudinal.

Fotografías en color, relizadas por visitantes:

49_ Fotografía do interior da vivenda con Man na marxe esquerda. Tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

50_ Fotografía de visitantes. Imaxedo interior da vivenda con Man na marxe esquerda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.03319.4

51_ Fotografía de visitantes. Imaxe do interior da vivenda enfocando espello circular, Man no centro. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.03320.6

52_ Fotografía de visitantes. Imaxe do interior da vivenda enfocando espello circular. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.03319.3


Fotografías en blanco e negro realizadas por Man:

53_ Vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.G.M. 0348

54_ Vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.G.M. 0398

55_ Vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.G.M. 0330

56_ Vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.G.M. 0339





OBRA

Man desenvolve un proxecto vital e artístico aínda descoñecido en toda a súa dimensión. Unha obra de marcado carácter espiritual e multidisciplinar; debuxo, pintura, fotografía, escultura, body art, fotocopia, colaxe, arquitectura, literatura..., aberto a experimentar con distintos soportes, a manipular todo o que chegase ás súas mans. Seguindo sempre firme a súa renuncia coa sociedade, sen límites impostos por ninguén que non fose el mesmo, unha procura constante, obsesiva de autosuficiencia.

OBRA ESCULTÓRICA

Na década dos 60, época da chegada de Man a Camelle, danse a coñecer unha gran cantidade de grupos e de movementos, tales como Funk Art, Anti Form Art, Body Art, Process Art, Anti Art, Environmental Art, Arte Povera, Land Art... Todas estas tendencias teñen en común un mesmo espírito, o rexeitamento da sociedade de consumo así como do mercantilismo da arte. Isto desemboca nunha arte efémera realizada con novos materiais, os cales poden ser os que proporciona a propia natureza ou os refugallos da sociedade consumista da que foxen os novos artistas.

O coñecemento que tiña Man destes movementos polo de agora non se sabe certamente posto que se trataba dunha persoa reservada e contraria a falar de arte e menos de influencias artísticas.

“... en ningún século se gastaron tantas palabras como neste século,... fálase moito, tampouco me gusta o

son de min senón o do mar; ... gustaríame mellor deixar falar as olas”, “se falo son escravo das palabras, se calo son libre”, “palabras sen ruído como algoritmos”.

Algún día poderase coñecer canto de influencia tiveron os movementos da súa época mediante os escritos varios que el deixou, todos eles en alemán; a pesar disto, considero que estaba moi ao tanto do que estaba a pasar posto que recibía catálogos e libros de arte dende Alemaña. Contaba cunha gran colección de obras na súa biblioteca persoal, das cales a maioría están modificadas (escribía nelas, corruxía palabras que para el tiñan distinto significado, recortaba partes e pegaba outras). Tamén se sabe que Man lía os catálogos da Documenta de Kassel, unha exposición de arte que se celebra cada 5 anos, posto que era Pepe Mouzo quen llos



58



59



60



61

deixaba, corroborado por Carlos Silvar, que estaba presente cando Man recibiu un deses catálogos.

O que si se sabe con claridade de Man é que sempre lle gustou saber a imaxe e a opinión das súas obras, que lle transmitía a cada persoa que visitaba o seu museo, motivo polo cal entregaba un caderno e pedía que lle realizasen un debuxo, sen importar a idade ou o talento gráfico dos visitantes. “En cada papel destes cadernos está a alma de cada un e o meu obxectivo é facer un gran rañaceos con todos eles”.

Enfocar a obra de Man nun movemento concreto é un erro posto que el nunca clasificou nin describiu a súa arte, polo menos que se saiba nestes momentos. Ademais da súa obra, a súa vida tamén se volve arte e con ela o propio personaxe “Man de Camelle”, que pasará a ser un reflexo vivo do rexeitamento social. Por este motivo, o escritor Xoán Abeleira, no libro *A pegada de Man*, identifica de forma autónoma o movemento de arte creado por Man e chámalle “Man-ismo” moi acertadamente.

A arte de Man presenta aspectos que podemos relacionar con outros movementos xa sexa por semellanzas, por pertencer á mesma época ou apoiándonos nos libros atopados na vivenda. Non obstante, debemos describir as semellanzas e diferenzas con cada movemento ou autor sen recorrer a englobalo nunha corrente concreta, senón para conseguir describir os aspectos do movemento Man-ismo.

Tanto nas esculturas con pedras ou con ferros, como nas crebas de plástico ou con restos levados polo mar, podemos atopar unha clara vinculación con tres movementos: Land Art, Arte Povera e Arte Ambiental. Presentan características en común e un mesmo espírito de revelación; movementos que distintos estudosos da arte pertencentes ao universo de Man ven como influencia.

57_ Imaxe de Man en primeiro plano traballando nas súas esculturas. Tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

58-61_ Crebas de plástico. Imaxes tomadas da base de datos do Museo e do propio Museo de Man: mar, arte e natureza. Na base de datos este apartado de crebas de plástico van dende o número C.M.G. 02768 ata C.M.G. 02725



62

LAND ART

A Land Art é unha corrente de arte contemporánea que emprega o marco e os materiais da natureza (madeira, terra, pedras, lume, auga, etc.). Tamén se lle chama “arte da construción da paisaxe” ou “arte terrestre”. As obras, polo xeral, atópanse no exterior, expostas aos elementos e sometidas á erosión natural; por este motivo, algunhas desaparecen e queda delas só o recordo fotográfico.

A arte créase a partir dun lugar que algunhas veces semella unha simbiose entre escultura e arquitectura ou, noutros casos, entre escultura e paisaxe. A Land Art cose aspectos de escultura, arquitectura e paisaxismo, transformando todos eles en arte. Pódese considerar un novo comportamento artístico que se separa dos modelos tradicionais (cadros e esculturas illadas) para dar unha resposta crítica á comercialización do obxecto artístico; unha arte libre de compra-vendas que poder ser gozada por calquera usuario.

A Land Art busca transmitir emocións no espectador ante unha paisaxe determinada. O principio fundamental é alterar a paisaxe, cun sentido artístico, para producir o maior número de sensacións e efectos no observador. Por este motivo, a relación entre artista e terra é a base deste movemento. Ao mesmo tempo tamén a función de mostrar a dor da deterioración do medio ambiente, dos efectos da contaminación e, tamén, do cambio climático.

A maneira na que se expresa este movemento é totalmente libre, o que leva a atopar obras nas cales os artistas corrixen a topografía, con grandes movementos de terras, ou simples xestos como colorear árbores e pedras ou camiñar para marcar unha senda, como no caso de Richard Long.

Máis exemplos deste movemento son as obras de artistas como Robert Smithson con “Spiral Jetty” en 1973,

Utah; Richard Long con “A Line Made by Walking”; Walter De Maria con “The Lightning Field” en 1997, Novo México; Christo e Jeanne-Claude con “Running Fence” en California, “Valley Curtain” en Colorado ou “Surrounded Islands” en Florida; Eduardo Chillida con “Montaña Tildaya” en 1990 nas Illas Canarias; Nancy Holt con “Sun Tunnels” entre 1973-1976 en Utah, entre outros.

A arte intervén dentro da paisaxe, dentro da súa propia estrutura, modificándoa. Actúase dende unha postura contrasta ou mimética, como no caso de Man, na cal se realiza unha operación extractiva e sumativa, construída con elementos que se atopan dentro do seu mesmo contorno (restos traídos polo mar como pedras, aparellos, plásticos, ósos de animais, etc.). Por estes motivos, a paisaxe é a parte fundamental da obra, a que indica que facer.



Debe existir un diálogo previo entre o artista (o home) e o contorno (a natureza) para que, logo, a obra realizada reflecta esa conversa. O artista debe entender o lugar no que vai traballar, compenetrándose con el para conseguir modificalo e reinterpretalo con sensibilidade. A Land Art é a marca que deixa o home na natureza, reestruturando unha nova paisaxe baixo a súa interpretación da mesma; expón un mundo que require da natureza para poder comprendelo.

62_ Fotografía do museo, 1980. Imaxe tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

63_ Fotografía escultura negra. Manolo Pose, 2004.

64_ Fotografía escultura branca con peza de menor tamaño ao fondo, filtro difusor. Manolo Pose, 1998.

O resultado é unha obra máis efémera que a da arte convencional, polo que se intenta plasmar na fotografía ou en gravacións audiovisuais para non só ver o estado inicial, senón o cambio que sofre polo desgaste natural.



A pesar disto, a obra de Man discrepa en certa medida da Land Art posto que a principal preocupación do artista alemán era a visión dos visitantes, saber que lles transmitía a súa obra e, por isto, pedíalles que debuxasen.

Para el son “visitantes activos”, polo que está ligado o obxecto receptor co espectador, mentres que os artistas da Land Art non se interesan por esta característica, as obras son coñecidas, en moitos casos, mediante soporte fotográfico, películas e debuxo.

A ligazón cos visitantes é un punto fundamental na obra de Man, tanto é así que consideraba que o futuro de Camelle estaba nas mans do seu museo. Así o explica cando lle preguntan sobre a construción do dique e o futuro da localidade na entrevista da Radio Televisión de Galicia:

“con ese diñeiro que se cul-
tive o mar, o alimento do
futuro xa non é a pesca, é a
alga,... no futuro tamén se vi-
virá do turismo polo museo”.

Palabras ditas por Man na entrevista da Radio Televisión de Galicia no 1986, “Entrevista a Manfred Gnädinger, Man de Camelle”





ARTE POVERA

O nome de Arte Povera procede do italiano e significa arte pobre, este nome vén dado polos materiais que usan os artistas, considerados humildes e de fácil acceso a eles. Os principais materiais que se empregan nas esculturas deste tipo de arte son a madeira, pedras, plantas e follas, teas e, tamén, materiais reciclados, carentes de valor. Non ten interese prioritario a procedencia ou o uso que un día tiveron, só importa a transformación e a súa reutilización.

A finalidade deste tipo de movemento é semellante á da Land Art, unha reivindicación en contra do consumismo e do materialismo. Unha loita contra a comercialización do obxecto artístico que busca ocupar o espazo e esixe a intervención do público. Este último aspecto era unha das carencias da Land Art con referencia á arte de Man.

Propónse un modelo de actuación que se basee na espontaneidade;

isto leva a recuperar a inspiración e a enerxía. Procúrase provocar unha reflexión da forma do obxecto mediante a manipulación do material e a análise das súas calidades. Os artistas propoñen un modo de vida inventivo e antidogmático, rexeitando a crecente industrialización, mecanización do mundo e da arte.

Algo moi significativo da arte de Man era a consideración das súas pezas como fillos, elementos tan arraigados a el que forman parte da súa vida e da súa familia. A Arte Povera tamén é considerada para os artistas como unha extensión do corpo e da alma del mesmo, mediante a cal se conecta directamente co seu contorno, coa natureza e con todo o que o rodea, nunha simbiose harmónica.

Os artistas que forman parte deste movemento, como Mario Merz, coñecido polos seus "íglús", ou Michelangelo Pistoletto, coa obra "Venere degli stracci", danlles valor aos

obxectos, convertendo elementos de refugallo e triviais en algo estético e poético. Para conseguir ese cambio centran a atención do espectador en aspectos da vida cotiá, anónimos e rutinarios aos que nunca se lle engadira ningunha calidade artística.

A pesar das grandes similitudes que existen entre este movemento e os aspectos artísticos na obra de Man, tamén aparece unha gran diferenza. Man está en contra da sociedade en xeral e da sociedade consumista, ao igual que os artistas da Land Art e da Arte Povera, pero Man, a diferenza deles, rexeitouna por completo. Levou ese rexeitamento ao extremo de illarse do mundo ata o punto de estar indocumentado. Ese illamento fará non só da súa casa ou das súas pezas arte senón que el mesmo se converteu nunha obra de arte, el é o reflexo da arte pobre, unha materialización dos pensamentos existencialistas.



66

ARTE AMBIENTAL

Tamén o escritor Xoán Abeleira ve discrepancias entre a Arte Povera e a arte de Man:

“Malia a súa exaltación da sensorialidade é, para o meu gusto, excesivamente conceptual e racional. Case que tódalas súas obras nos esixen unha racionalización dos conceptos –ou das ideas– materializados nelas, pois estas, de maneira implícita e explícita, están como dicíndonos que son portadoras dunha mensaxe –e, inda por riba, dunha mensaxe en clave. Man, polo contrario, rexeitaba calquera tipo de interpretación das súas obras, el prefería evocar, acordar no espectador unha sensación, unha imaxe, antes ca unha idea.

De entrada, as súas obras, polo menos que eu saiba, non levan nome, por iso, dubido que il tivese unha idea preconcebida, e moito menos unha mensaxe a transmitir, cando se poñía a traballar”, palabras tomadas do seu libro “A Pegada de Man”, editorial Xerais, ano 2006

Aínda que existen grandes semellanzas coas dúas correntes anteriores, de ter que enmarcar a arte de Man quizais sexa a Arte Ambiental ou Environment Art a que o mellor a defina. A principal razón é a procura da harmonía entre a obra de arte e a natureza, outro aspecto básico na obra de Man. Nas obras de Arte Ambiental o espazo intégrase na obra como parte esencial da mesma, pérdese o marco e a obra espállase. O espectador pasa a ser visitante, entra na obra e pode percorrela e explorala. O Environment Art é unha arte efémera, leva en si o pensamento da súa propia destrución xa sexa polo propio artista ou polas forzas naturais que participan na obra.

A arte de Man tamén nos recorda obras de artistas como Howard Finster co seu “Paradise Garden”; Niki de Saint-Phalle e o seu “Garten des Tarot”; Cheval co seu “Palais Ideal”; Kurt Schwitters e a súa “Merzbau”; Lissitzky e o seu “Prounenraum”;

65_ Fotografía do interior da vivenda, clara representación do arte pobre. Realizada por Carlos Silvar, 1980.

66_ Imaxe de distintas esculturas que conforman o museo-xardín. Pertence ao artículo “Man.Camelle” da revista TECTONICA, Lugares.

Clarence Schmidt e a súa “House of mirrors” ou Simon Rodia e as súas “Watts Towers”. Todas gardan semellanzas con Man e o seu museo; todos dedican a súa vida ou gran parte dela a construír o seu espazo soñado que mestura arquitectura e escultura; no caso de Schwitters e Schmidt, ao igual que Man, viviron nese universo propio. Ademais, comparten a admiración polas obras de Gaudí, sobre todo o Parque Güel para Saint-Phalle, do cal toma unha similitude cos seus ornamentos arquitectónicos. Buscan esa unión coa natureza e cos seres que a forman, unha interacción entre tres elementos: artista, público e natureza.

Estes artistas comparten entre eles que fosen considerados “tolos” e que o reflexo disto se plasme nas súas obras con aspectos da arte marxinal. Pero Man, máis que un artista marxinal, é un artista que se automarxina da sociedade. Schwitters tamén pedía unha contribución ao museo por parte dos visitantes e amigos, que lle desen algún obxecto que levasen enriba, do cal debían desprenderse. Logo, con anacos de madeira, tela e xeso creaba unha pequena cela na que o obxecto sería colocado, coa súa correspondente etiqueta, que recordará a quen pertencía e a data. Do mesmo modo, Man pedía un debuxo, no que se escribise o nome do autor e a data de nacemento así como a profesión.

Todo material era susceptible de ser preservado; a vida era entendida, nas súas formas e creacións, como unha vitrina na que toda obra de creación humana (especialmente a que xa non tiña utilidade) era una obra de arte.

Os aspectos da Arte Ambiental cumprense de forma clara na obra de Man; primeiro, a presenza do visitante que interactúa na obra e experimenta as sensacións que aquela lle provoca (pode percorrela, ulila, tocala, oíla...) e, segundo, a obra cambiante por efectos naturais (o sol, a chuva, o vento, o mar...) que dan lugar a unha obra cambiante, viva.

“A única diferenza entre o traballo






71



72



73



74



75



76

de Manfred e o doutros artistas contemporáneos seus radica en que aos máximos expoñentes da Arte Povera, a Land Art e a Environment Art (entre outros movementos que xorden a partir dos anos sesenta) recoñéceselles a súa contribución á arte universal e a Manfred seguimos considerandoo un pobre tolo que pasou 40 anos da súa vida conxuntando pedras”; palabras de Xoán Abeleira para La Voz de Galicia, 04/11/2006.

As obras de Man evocan outras obras ou outros artistas. A súa arte natural recórdáanos os ornamentos arquitectónicos de Gaudí, empregando as pedras que arrastra o mar para facer esculturas que nos lembran a animais como ras ou baleas e, tamén, pola propia integración de ósos. Tamén recorda a escultores como Miró ou Picasso, pero sobre todo as esculturas de Brancusi, como a da Nègresse Blanche ou a Columna infinita, onde esa superposición de pezas nos evoca unha das obras máis significativas de Man. Certamente, se analizamos máis de preto a Brancusi, garda moitas relacións co noso protagonista: marchan do seu lugar de orixe e comezan a vivir sós, comparten o gusto e similitudes nas súas esculturas e, tamén, na decantación pola fotografía para conseguir atrapar a realidade dese intre.

Non se pode esquecer a influencia do mundo naval na obra de Man, ata o punto de que o museo, nos seus mellores tempos, semellaba ser un barco varado onde se erguían os mastros de pedra e as cordas se representaban mediante cadeas feitas con pequenos bólos que conectaban distintas pezas dándolles unha sensación de ingravidez. Incluso co mundo do megalitismo podemos atopar similitudes pois unha das súas pezas semella ser un dolmen de pequeno tamaño. Non por recordarnos a outras obras deixa de ser orixinal posto que calquera creación sempre suscita en nós sensacións e imaxes de lembranzas almacenadas, esa é unha das características das grandes obras. No caso de Man, dubido que tivese unha actitude preconcebida a pesar de ser

Evolución fotográfica, distintas fotografías desde un mesmo punto que demostra a obra cambiante:

67_ Imaxe tomada do museo con debuxos en cor negro. Tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

68_ Fotografía de visitantes Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.03313.2

69_ Fotografía de visitantes Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.03319.1

70_ Imaxe do museo de novo con pinturas en cor branco. Tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

71_ Escultura. Creba formada por corais planos unidos cun cravo. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02801


72_ Escultura. Creba de coral con policromía. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02797

73_ Escultura. Creba de caracol con policromía. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02803

74_ Escultura. Creba de cráneo de can con policromía. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02770

75_ Escultura. Creba de vértebra con policromía. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02786

76_ Escultura. Creba de coral con policromía. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02799





OBRA GRÁFICA

un home culto (aínda que dese aparencia de “salvaxe”), creo que sinxelamente se deixaba levar polo que lle transmitían as crebas, dando como resultado unhas obras propias que gardan aspectos das influencias do seu creador pero sempre depuradas e levadas ao seu estilo.

“O que se ve en Camelle é unha opción moi actual do que é a arte nos últimos 25 ou 30 anos, a rotura da idea de xénero. Isto quere dicir que non falamos de arquitectura, pintura e escultura por separado, concibir a arte como unha suma coa aspiración da arte como totalidade. No traballo de Man rómpese unha idea que é fundamental, a idea de representación, el non representa, el presenta, polo tanto as súas obras son transitables e nelas funde arquitectura, escultura, pintura nun concepto único que é a natureza” “o traballo de Man xustifícase porque é capaz de emblematizar a Costa da Morte como un territorio artístico singular” ¹

Se no campo da arquitectura o referente claro era Le Corbusier, na pintura Man admiraba a Vincent van Gogh, tanto é así que cría que era unha reencarnación deste artista. O certo é que hai puntos en común entre as vidas do pintor holandés e do noso alemán pero tamén nos aspectos gráficos.

Ambos son artistas incomprendidos, incluso considerados tolos; Van Gogh non chegou a vender máis que un daqueles centos de cadros. O recoñecemento da súa obra así como o descubrimento de gran parte dela non comezan ata despois do seu falecemento; de igual modo, a obra descuberta de Man antes da súa morte reducíase a esculturas, ninguén coñecía os seus autorretratos, xa fosen debuxados ou mediante a súa grande obra fotográfica. Os dous son espíritos perturbados pola insoportable tristeza, a tristeza inconsolable de existir.

Empregan unha paleta de tons claros

e coloristas (sobre todo cores azuis e amarelas), con composicións que describen unha visión persoal e nada tradicional para cada época. Na soledade, ambos os artistas crean as súas obras así como escritos, no caso de Vincent as súas mellores obras pertencerán á súa estancia en Arlés. No ámbito da pintura, os dous artistas senten unha atracción polos autorretratos.

“Dise, e estou disposto a crelo, que non é fácil coñecerse a un mesmo, nin tampouco pintarse a un mesmo”, palabras de Vincent van Gogh.

Os autorretratos de Man son unha mostra clara do seu pesimismo existencial. Busca máis transmitir o seu estado emocional que a imaxe en si como elemento artístico. Non intenta facer unha serie de pinturas onde se vexa o cambio físico co paso do tempo senón representar esa transformación psicolóxica. A diferenza de Van Gogh, Man só debuxa de si mes-



mo a cara e incluso se pode dicir que só debuxa os ollos e o nariz, os cales encadra entre cabelos difuminados ata desaparecer; sen apenas debuxar a boca, só se insinúa.

Pódense diferenciar dous tipos de debuxos: os de trazo fino e groso. Nos primeiros o autor nunca se debuxa mirando fixamente o espectador senón coa mirada baixa, sen debuxar o ollo nin tampouco a boca. Marca con numerosos trazos a silueta do ollo dándolle grande énfase ao contorno do mesmo e escuréceo; isto proporciona una sensación de fatiga, de cansazo, transmitindo unha amarga mágoa. En cambio, nas obras debuxadas cun trazo máis groso, si debuxa os ollos mirando fixamente o espectador. Namentres na primeira categoría de debuxos se representa disposto ladeado, case de perfil, no segundo tipo dispónse de fronte. Son debuxos máis rápidos, nos que segue a mesma liña expresiva. A pesar de debuxar os ollos grandes, o cal trans-

mite incertidume e desasosego, estes vense entristecidos escurecendo o contorno do ollo e defórmándoo como se fosen caer, romper a chorar.

77_ Debuxo autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02844


78_ Debuxo autorretrato con rá policromada. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02841

79_ Debuxo autorretrato sobre táboa. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02834

80_ Debuxo autorretrato sobre táboa. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02833

81_ Debuxo autorretrato perfil esquerdo. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02837

REFERENCIA 1_ palabras do profesor de Belas Artes, Antón Castro tomadas do documental "Man, home sen paz", ano 2010




82



84



86



83



85



87

OBRA FOTOGRÁFICA

Toda a información sobre o apartado de fotografía de Man foi proporcionada por Xabier Ramos Vieiro, quen fixo un gran traballo de investigación para así desenvolver a súa tese de doutoramento “Un punto no universo: a obra fotográfica de Manfred Gnädinger”; traballo que non só consta de recompilación de información senón tamén da dixitalización do material fotográfico, conseguindo salvar pezas en moi mal estado.

A obra fotográfica de Man desenvolveuse nun período breve de tempo, aproximadamente entre 1970 e 1973. Dato representativo posto que a súa brevidade temporal contraponse co feito de seren estes os anos decisivos do artista. Man tirou unha serie de 3.534 fotografías cunha cámara compacta e reveladas no laboratorio Foto González na Ponte do Porto, argumentación baseada nos numerosos sobres deste establecemento espallados pola colección.

Practicamente todas as imaxes da súa colección presentan un formato cadrado de 9x9 centímetros de lado, un cadrado perfecto. O cadrado mantén as proporcións xeométricas do círculo, que, como sabemos, é a figura fundamental da súa obra.

A obra fotográfica podemos esquematizala en dous grandes grupos: Autorretratos e Paisaxe.

Autorretratos

Parte moi importante das imaxes do artista que se constitúen por collerse el mesmo como obxecto. Desenvolve un gran repertorio estilístico no campo dos autorretratos segundo as estratexias que pon en práctica (directamente a cámara, sombras, indirectamente mediante reflexións xa sexa en auga, espellos de fondo opaco ou de fondo transparente e, incluso, unha combinación de todas estas opcións). “O meu propio mundo é o autorretrato”.

82_ Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0049

83_ Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.1727

84_ Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.2288

85_ Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0053

86_ Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0331

87_ Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.2946



88



90



92



89



91



93

Paisaxe

Neste campo atópanse fotografías do medio natural existente (praias e montes) e tamén do medio natural intervindo, no cal podemos diferenciar dúas categorías. Por unha banda, a obra de fotografías que documentan as súas intervencións de Arte Ambiental, que supoñen o 40% do total. Por outra banda, fotografías-obra en si, nas que adoita interpoñer un obxecto manufacturado en primeiro termo, coa paisaxe ao fondo, intervida con el deste xeito. No campo da paisaxe destaca unha serie que documenta o crecemento urbano de Camelle cara ao Museo, dirección norte, testemuño da ansiedade que lle supuña ver parte da súa obra afogada baixo as obras das vivendas da localidade.

É certo que esta clasificación é a grandes trazos posto que existen outros tipos de documentación pero de menor calibre.

A obra fotográfica de Manfred presenta un código de cores para representar a satisfacción co resultado do traballo, se aparece o azul é que a foto era satisfactoria, o amarelo indica que é mellorable e o vermello que estaba mal. Tamén se atopan obras manipuladas polo propio autor, presentan bordes recortados ou recortes en forma de círculo.

En ambas os dous bloques, autorretrato e paisaxe, Man atopase con dúas das vangardas máis destacadas da fotografía contemporánea; por unha banda, a corrente de autorretrato ficcionado derivado do movemento Fluxus e a súa expansión, e por outra a fotografía propia do "land-art" seguindo o estilo de Robert Simthson.

A fotografía do land art, como xa se explicou, pretende plasmar a realidade nun momento concreto, gardar mediante imaxes a súa obra paisa-

88_ Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0033

89_ Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0034

90_ Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0628

91_ Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0814

92_ Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0409

93_ Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0410



xística para ver como vai evolucionando o longo do tempo, mostrando a erosión ou destrución por efectos naturais.

O movemento artístico Fluxus recibe o seu nome da idea de deixar fluír, apartase da beleza convencional e busca desenvolverse en todos os campos, empregando calquera recurso que poida estar o seu alcance para así conseguir realizar obras nos diferentes campos. Máis que un movemento artístico é un movemento sociolóxico eliminando as directrices e facendo posible que todo sirva.

Sen embargo, Man desenvolve ámbalas facetas ao máximo nivel, sen contacto ningún coa cultura visual do momento (polo menos que se saiba). Este aspecto demostra unha traza de precocidade se o comparamos por exemplo con Ana Mendieta, importante autorretrataista que garda grandes semellanzas coa obra de Man, quen apenas comezaba a xerar obra a principios dos setenta. Esta vangarda propia do protagonista bifúrcase tamén cara outros xéneros coa fotografía abstracta, camiñando por diante de profesionais como Muhler Pohle, fotógrafo alemán.

A obra de Man no campo da fotografía pasa totalmente desapercibida namentres el vive e, incluso tras a súa morte, non será ata o ano 2007 o seu descubrimento. A causa disto foi que no testamento, redactado en 1977, legaba os bens ás autoridades educativas do Estado Español (sic), co que se creou a dúbida de determinar cales eran as autoridades que tiñan a competencia; finalmente ditaminouse competente o Concello de Camariñas no ano 2007. Todos eses anos, a obra estivo agochada no soto da vivenda, na que Manfred gardaba a súa biblioteca, debuxos, escritos e outro material inédito.





95

ACTUALIDADE

A deterioración das obras atopadas e do resto do museo son a consecuencia do paso do tempo ata a súa procura e da carencia de mantemento de parte delas. Igual sorte correron moitas das esculturas do seu xardín-museo. A súa obra era unha obra viva en continuo cambio. O mar era o que se encargaba de proporcionarlle a materia prima para facer dela arte; pedras, aparellos, plásticos, restos mariños... semellan elementos tan banais dificilmente transformables en esculturas de museo. Ese mar que un día achega tesouros tamén outro os arrebatou, os fortes temporais do inverno do 2014 levarán parte da súa obra escultórica. Man non só mantíña vivo o museo senón que o reconstruíu e retocaba unha e outra vez posto que o mar era un dos principais elementos.

Agora queda estudar a obra, catalogala..., decidir como conservala e expoñela. Saber que se debe facer co lugar que habitou e construíu. As al-

ternativas: restauración, mantemento ou, talvez, deixar facer a erosión; que o sol, o vento e o mar cerren o círculo efémero da existencia trazado por Man. No meu desexo, aínda que non nas miñas mans, está a primeira opción.

Unha parte da obra de Man xa goza desa primeira opción mediante a creación do Museo de Man en Camelle, inaugurado en xuño do 2015. Por primeira vez expóñense debuxos, escritos, obxectos persoais, etc., catalogase cada peza. A obra de Man segue viva a través non só deste museo senón tamén grazas a autores como Beatriz Maceda Abeleira co seu libro infantil *Man*, o *Alemán de Camelle*; Xerardo Quintiá coa súa novela *O viaxeiro radical*, recentemente publicada; Xoán Abeleira co libro *A pegada de Man*; documentais como o de Simón Vázquez e David Formoso *Man*, *home sen paz do 2010* ou *Manfred. O caos organizado*. Pensamentos dun eremita da produción de Paco Pin e

Álvaro Liste; tamén reportaxes como *Galicia inédita: Man o alemán de Camelle do 87*; pero, sobre todo, grazas a Camelle, localidade que acolleu e nomeou a un artista con tres simples letras: Man.

94_ Imaxe dos temporais que destruíron parte da obra de Man nos últimos anos. Fotografía de Xurxo M. Baña, ano 2013

95_ Imaxe dos temporais que destruíron parte da obra de Man nos últimos anos. Fotografía de Xurxo M. Baña, ano 2013



CONCLUSIÓNS

96_ Pintura electrográfica. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G. 03026

97_ Pintura electrográfica. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G. 03062

98_ BIBLIOGRAFÍA. Pintura sobre táboa. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.G.03065

Interesada pola idea de indagar na obra e vida dun artista que tiven a sorte de coñecer e compartir con el a paisaxe de Camelle, decidín propoñer como tema “Paisaxe e arte na poética de Man”. Dito traballo buscaba nun principio achegar, coa maior veracidade posible, unha reseña bibliográfica e artística aínda que se limitaba o traballo escultural, traballo máis coñecido.

Nun primeiro momento a escasa información coñecida levábame a procurar un traballo que organizase o caos de información que rodeaba o nomeado personaxe. É certo que a maioría da xente coñece a Man pero eran escasos os artigos que certamente tiveran correcta a información sobre el. A primeira idea era un traballo de investigación e recompilación de datos que explicaran de forma obxectiva a vida e obra de Man.

Comezado o traballo investigativo atopei, para a miña sorpresa, unha

completa obra multidisciplinar e unha escasa información ideolóxica. Estes dous compoñentes encamiñarán o traballo a unha visión máis persoal onde pretendo achegar as correntes artísticas que puideron influílo, sempre apoiándome en fundamentos que soporten as miñas afirmacións. Esta forma pareceume a máis correcta xa que o protagonista deste traballo, Man, buscaba a participación e aportación de información sobre a súa obra; “visitantes activos” como el lles chamaba, que describan o que lles transmite ou a que lles recorda. Son os visitantes os que encaixan a obra de Man nunha corrente ou a relacionan con outras obras coñecidas. Pola contra, o protagonista do traballo evita falar sobre a súa obra o que impide ter unha certeza clara de cómo el a describiría.

A vida e obra de Man estaba escasamente contada en múltiples blogs e noticias periodísticas e sobre todo moi desperdigada. Non obstante, a

suma de toda estas pezas permitirá un gran achego de información. Neste apartado, será de gran axuda a participación do museo “Man: Mar, arte e natureza” e a existencia da primeira publicación sobre Man de parte de Xoán Abeleira, escritor. Na parte bibliográfica e escultórica foi doado atopar escritos e citas de expertos en arte, pero o campo gráfico e fotográfico aínda non está estudado. Aparecen noticias en numerosos xornais, entrevistas televisivas, radiofónicas e ata documentais.

O abano no que centraba o traballo ábrese e a necesidade de nomear e sintetizar todas as partes da súa obra limitan a súa profundización. Buscase un síntese de información sen deixar de tocar todos os campos nos que Man traballa, xa que, este aspecto é o máis significativo do protagonista, conseguir abarcar distintos campos e sumalos nunha mesma obra.

Entender a Man é realmente complexo; foi un home libre, amarrado a beleza dun lugar costeiro do que nunca máis puido fuxir; un home salvaxe que demostrou grandes coñecementos nos distintos campos culturais; un home incomunicado que mantén unha forte relación coas correntes artísticas do momento; un home solitario que abandoa a sociedade para crear unha obra de arte que precisa ser visitada; un tolo que dicía barbaridades e que acabou tendo razón o afirmar que o pobo sería coñecido pola creación do seu museo e polo propio Man que é o elemento central de toda a súa obra.

A estrutura dos apartados que forman o traballo, mostra o camiño de coñecemento no referente a Man. Os primeiros apartados aportan unha descrición obxectiva dos aspectos da vida e imaxe, pódense confirmar mediante datos escritos, documentación e obxectos persoais recollidos. Estes apartados permiten crear un marco no cal encadrar posteriormente a súa obra para poder ver como os aspectos do seu modo de vida marcarán a obra. O documento iníciase co apartado

máis coñecido que non deixa de ser a súa inserción en Camelle. Describe unha breve introdución da súa “primeira vida” antes da chegada a o pobo e un acercamento a súa “segunda vida”, a realmente coñecida por todos. Posteriormente, no apartado da Imaxe, profundízase nos aspectos máis característicos da forma de vida dende a perspectiva máis cercana, grazas as vivencias dos veciños, e dende a visión máis alonxada, a través dos medios de comunicación.

A visión dende o exterior do pobo describe un ser estrano, solitario, illado; aspectos que contrasta coa convivir veciñal onde se asume a súa presenza no pobo como algo normal, a pesar de ser un ser solitario promove unha participación social para que a súa obra, o seu museo, sexa parte de todos. Grazas a esta dobre visual permite traducir unha imaxe máis real do que foi Man.

Os posteriores apartados do traballo describen á vez que relacionan a obra de Man con diversas correntes en base as escasas referencias citadas por el e aos libros que colleccionaba. Búscanse relacións con outras obras do seu momento tanto a nivel ambiental como escultórico, un desenvolvemento que o propio título describe “paisaxe e arte” baixo unha propia interpretación da súa visión. Pero o coñecemento da obra de Man, como xa se dixo, implica unha obra de arte total polo que era necesaria unha pequena introdución no campo gráfico e fotográfico, sobre todo neste derradeiro polo gran cantidade de pezas que completan dita serie.

Conséguese así un traballo de investigación que ordena e menciona todos os parámetros que compoñen o universo de Man; vida, imaxe, filosofía, vivenda, paisaxismo, arte escultórica, arte gráfica e arte fotográfica. Na obra de Man queda moito aínda por investigar polo que este documento non deixa de ser un punto no seu universo, un pequeno círculo como el o describiría, posto que a fin de contas “o círculo é o todo e todo é un círculo”.





BIBLIOGRAFÍA

Aurora Fernández Polanco; "Arte Povera"; Hondarribia: Nerea (1999)

Beatriz Maceda Abeleira; "Man, o alemán de Camelle"; Santiago de Compostela: Editorial Galebook (2012)

Brian Wallis; "Land Art y arte medioambiental"; Londres: Phaidon (2005)

Carlos Quintáns, Carlos Pita; revista "Obradoiro Nº34.O límite"; A Coruña: Editorial COAG (2012)

Juan Creus Andarde; "A terra das mil belezas"; Santiago de Compostela: Editorial COAG (1998)

Tonia Raquejo Grado; "Land Art"; Madrid: Nerea (1998)

Xerardo Quintiá; "O viaxeiro radical"; Lugo : Editorial Galaxia (2015)

Xoán Abeleira; "A pegada de Man"; Vigo: Xerais D.L. (2006)

BIBLIOGRAFÍA WEB

PAXINAS WEB

"Homenaxe a Man"; <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>. Consulta 15/10/2015

"Manfred Gnädinger, Man de Camelle: el artista alemán y su museo en la Costa da Morte"; fotografías de Genaro Diaz; <http://www.alemandecamelle.com/>. Consulta 15/10/2015

Museo "MAN: mar, arte e natureza"; <http://www.mandecamelle.com/>. Consulta 17/10/2015

"Museo del Alemán"; Concello de Camariñas; http://www.camarinas.net/turismo/ca/index.php?seccion=m_aleman. Consulta 15/10/2015

"Museo de Man, el alemán de Camelle"; Guía Repsol, turismo; <http://www.guiarepsol.com/es/turismo/destinos/vuelta-al-mundo-por-espana/coruna/museo-de-man/>. Consulta 15/10/2015

"Museo de Man, el alemán de Camelle (A Coruña)"; El viajero digital, publicación 10/07/2011 <http://elviajero-digital.com/?p=631>. Consulta 17/10/2015

WIKIPEDIA

Wikipedia "manfred Gnädinger"; https://es.wikipedia.org/wiki/Manfred_Gn%C3%A4dinger; https://gl.wikipedia.org/wiki/Manfred_Gn%C3%A4dinger. Consulta 23/07/2015

Wikipedia "Land Art"; https://es.wikipedia.org/wiki/Land_Art. Consulta 12/08/2015

Wikipedia "Arte povera"; https://es.wikipedia.org/wiki/Arte_povera. Consulta 12/08/2015

BLOGS

"Arte Povera; Theart Story; <http://www.theartstory.org/movement-arte-povera.htm>. Consulta 12/08/2015

"Análisis grafopsicológico de Manfred Gnädin-

ger- Man de Camelle"; BLOG: Gabinete pericial; <http://exconart3.blogspot.com.es/2011/09/analisis-grafopsicologico-de-manfred.html>. Consulta 17/10/2015

"Círculos mágicos en la naturaleza: el land art de Martin Hill"; Pijamasurf, publicación 22/12/2013 <http://pijamasurf.com/2013/12/circulos-magicos-en-la-naturaleza-el-land-art-de-martin-hill/>. Consulta 12/08/2015

Concepción García e Carlos Pita; "Los lugares de Romualda y de Man"; BLOG: La ciudad viva, publicación 10/06/2015; <http://www.laciudadviva.org/blogs/?p=28984>. Consulta 14/09/2015

Daniel Blanco Alcalde, "Land art: la naturaleza como lienzo del paisaje"; revista Mito, publicación 18/08/2014 <http://revistamito.com/land-art-la-naturaleza-como-lienzo-del-paisaje/>. Consulta 12/08/2015

David Attenborough, "Las dos vidas y tres muertes de Man de Camelle"; BLOG: La bitácora de Humboldt, publicación 25/06/2012; <http://labitacora-dehumboldt.blogspot.com.es/2012/06/las-dos-vidas-y-tres-muertes-de-man-de.html>. Consulta 17/10/2015

David Prats Mira, "¿Qué es el Land Art?"; Joya de Buda, publicación 23/06/2015; <http://joyadebuda.com/2015/06/23/que-es-el-land-art-i/>. Consulta 12/08/2015

Laura Rimúndez Viña, "La historia de Manfred Gnädinger"; BLOG: Marcelo del Campo, publicación 04/02/2013; <http://marcelodelcampo.blogspot.com>



com.es/2013/02/la-historia-de-manfredgnadiger.html. Consulta 17/10/2015

“Man, el alemán de Camelle”; BLOG: Profesor en la secundaria, publicación 16/08/2014; <http://olahjl2.blogspot.com.es/2014/08/man-el-aleman-de-camelle.html>. Consulta 15/10/2015

Xabier Maceiras “Man de Camelle”; BLOG: Antón Castro, publicación 17/11/2013; <http://antoncastro.blogia.com/2013/111702-man-de-camelle-xabier-maceiras.php>. Consulta 16/10/2015

“Man de Camelle- Manfred Gnädinger”; BLOG: El ángel caído; <http://www.elangelcaido.org/comunicacion/200610mcamelle/200610mcamelle.html>. Consulta 17/10/2015

“Man.Camelle”; BLOG: Tectonica, publicación 30/11/2012; <http://tectonicablog.com/?p=59519>.

“A pegada de Man continúa”; BLOG: El compás da Costa da Morte, publicación 28/12/2012; <http://compasadacosta.com/blog/2012/12/28/a-pegada-de-man-continua/>. Consulta 17/10/2015

Manuel Sánchez Dalama; “Manfred Gnädinger, el alemán de Camelle”; BLOG: Man de Camelle, publicación 13/08/1013; <http://mandecamelle.blogspot.com.es/>. Consulta 15/10/2015

Pablo Fuertes, “LAND ART, sculpture in the expanded field”; BLOG: ARQ, publicación 25/09/2012 <https://blogarq.wordpress.com/2012/09/25/land-art/>. Consulta 12/08/2015

Juan Plaza, “Paisajismo y Land Arts”; Paissano, pu-

blicación 09/02/2015 <http://www.paissano.com/land-arts/>. Consulta 12/08/2015

NOTICIAS EN XORNAIS

“El Concello de Camariñas enterrará en los próximos días las cenizas de Man de Camelle”; La voz de Galicia, publicación 11/02/2013 http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/2013/01/11/concello-camarinas-enterrara-proximos-dias-cenizas-man-camelle/0003_201301C11C5992.htm. Consulta 15/10/2015

“El legado de Man acumula polvo”; El país, publicación 18/02/2007 http://elpais.com/diario/2007/02/18/galicia/1171797501_850215.html. Consulta 10/15/2015

“El mejor artista de Land Art homenajeará a Man”; La voz de Galicia, publicación 12/05/2011 http://www.lavozdeg Galicia.es/carballo/2011/05/12/0003_201105C12C10995.htm. Consulta 23/08/2015

“El temporal arrasa el patrimonio olvidado de Man”; La voz de Galicia, publicación 10/11/2010 http://www.lavozdeg Galicia.es/galicia/2010/11/10/0003_8839662.htm. Consulta 15/10/2015

Fotografías do xornal “La voz de Galicia”; <http://prestige.lavozdeg Galicia.es/2002/12/28/1248/>; consultado. 08/08/2015

“Inaugurado el Museo Man de Camelle”; Adiante Galicia, publicación 05/06/2015 <http://www.adiantegalicia.es/cultura/2015/06/05/inaugura->

rado-el-museo-man-de-camelle.html. Consulta 20/07/2015

“La casa de Man es una obra pop de la arquitectura contemporánea”; La voz de Galicia, publicación 10/05/2009 http://www.lavozdeg Galicia.es/carballo/2009/05/10/0003_7707349.htm. Consulta 15/10/2015

“La herencia del Alemán de Camelle”; La opinión coruña, publicación 08/08/2010 <http://www.laopinioncoruna.es/metro/2010/08/08/herencia-aleman-camelle/408909.html>. Consulta 15/10/2015
“Los expertos reclaman que la obra de Man sea bien de interés cultural”; La voz de Galicia, publicación 11/05/2009 http://www.lavozdeg Galicia.es/carballo/2009/05/11/0003_7709255.htm. Consulta 15/10/2015

“Man descansará en su chabola 10 años después”; La voz de Galicia, publicación 24/12/2012 http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2012/12/22/man-descansara-chabola-10-anos-despues/0003_201212G22P15991.htm. Consulta 15/10/2015

“Manfred yace en el olvido”; La opinión coruña, publicación 02/12/2008 <http://www.laopinioncoruna.es/coruna/2008/11/02/coruna-metro-manfred-yace-olvido/233590.html>. Consulta 15/10/2015

Marcos Sueiro, “El museo del ermitaño alemán de Camelle, la última víctima del Prestige”; El mundo, publicación 27/12/2012 <http://www.elmundo.es/elmundo/2012/12/26/cultura/1356555462.html>. Consulta 15/10/2015

“Un constructor se ofrece para reparar gratis la casa de Man”; La voz de Galicia, publicación 17/02/2013 http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/2013/02/17/constructor-ofrece-reparar-gratis-casa-man/0003_201302C17C10991.htm. Consulta 15/10/2015

“Un nuevo patronato regirá el futuro del patrimonio de Man”; La voz de Galicia, publicación 13/08/2015 http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/2013/08/13/nuevo-patronato-regira-futuro-patrimonio-man/0003_201308C13C1991.htm. Consulta 15/10/2015

“Una nueva asociación prepara la limpieza del museo de Man”; La voz de Galicia, publicación 04/04/2014 http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/carballo/2014/04/04/nueva-asociacion-prepara-limpieza-museo-man/0003_201404C4C119911.htm?utm_source=buscavoz&utm_medium=buscavoz. Consulta 15/10/2015

BIBLIOGRAFÍA MULTIMEDIA

DOCUMENTAL “Man, home sen paz” de Simón Vázquez e David Formoso, ano 2010

DOCUMENTAL “Manfred. O caos organizado. Pensamentos dun eremita” da produción de Paco Pin e Álvaro Listetamén.
A presentación pode verse na web: <https://www.youtube.com/watch?v=06-TnYdbUuo>

REPORTAXE “Man de Camelle” visible na web <https://www.youtube.com/wath?v=a39fdhGJrsg>

ENTREVISTA “Manfred Gnädinger, MAN de Camelle” da Radio Televisión de Galicia, ano 1986

ÍNDICE DE IMAXES

01_ Pintura sobre táboa. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.G.03064

02_ Fotografía dunha das esculturas do museo-xardín. Pertence ao artigo “Man.Camelle” do 30 de novembro de 2012 da revista TECTONICA, Lugares.

03_ Imaxe do interior da vivenda con Man debuxando. Tomada da revista do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia “Obradoiro Nº34”, dirixida por Carlos Quintáns e Carlos Pita

04_ Fotografía a contraluz do museo. Realizada por Manolo Pose, 1986.

05_ Fotografía de Man no museo. Realizada por Carlos Silvar, 1980.

06_ Fotografía realiza por Man. Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0329

07_ Fotografía realiza por Man. Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.3328

08_ Fotografía realiza por Man. Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0405

09_ Fotografía realiza por Man. Vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0386

10_ Fotografía realiza por Man. Vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.2570

11_ Fotografía realiza por Man. Vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0309

12_ Fotografía realiza por Man. Vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0323

13_ Fotografía realiza por Man. Vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0324

14_ Fotografía realiza por Man. Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0429

15_ Fotografía realiza por Man. Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0622

16_ Fotografía realiza por Man. Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0670

17_ Fotografía realiza por Man. Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0811

18_ Imaxe do conxunto museístico de Man, xa incorporado o peirao na súa obra. Tomada por Manolo Pose, 1990

19_ Imaxe de Man contemplando o seu xardín-museo. Tomada por José Manuel Casa, 1997

20_ Imaxe actual do museo tomada dende o peirao. Fotografía propia, 2015.

21_ Imaxe das pegadas que deixou Man no peirao. Fotografía propia, 2015.

22_ Imaxe de Man destrizado ao contemplar os estragos do chapapote na súa obra. Tomada por José Manuel Casal para La Voz de Galicia, xornal no 2002

23_ Imaxe das pegadas que deixou Man no peirao. Fotografía propia, 2015.

24_ Imaxe das pegadas que deixou Man no peirao. Fotografía propia, 2015.

25_ Imaxe en primeiro plano de Man. Imaxe tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

26_ Imaxe de Man diante da vivenda. Tomada da revista RESINA “revista de los seres sin arquitectura”, necrológicas, caixa da 10-33 titulada MAN. Autores Creus e Carrasco

27_ Imaxe de Man pintando o paseo marítimo. Tomada da revista RESINA “revista de los seres sin arquitectura”, necrológicas, caixa da 10-33 titulada MAN. Autores Creus e Carrasco

28_ Imaxe de Man no seu xardín museo, coa vivenda ao fondo. Tomada da revista RESINA “revista de los seres sin arquitectura”, necrológicas, caixa da 10-33 titulada MAN. Autores Creus e Carrasco

29_ Imaxe de Man aínda vestido o lado da vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.0153

30_ Fotografía realiza por Man. Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.1816

31_ Fotografía realiza por Man. Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0937

32_ Fotografía realiza por Man. Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.2999

33_ Fotografía realiza por Man. Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.3327

34_ Fotografía realiza por Man. Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.1726

35_ Fotografía realiza por Man. Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.1856

36_ Fotografía realiza por Man. Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.2677

37_ Pintura electrográfica. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G. 03025

38_ Pintura electrográfica. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G. 03061

39_ Fotografía do museo co peirao xa manipulado. Tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

40_ Fotografía do exterior da vivenda. Pertence

ao artigo “Man.Camelle” do 30 de novembro de 2012 da revista TECTONICA, Lugares.

41_ Fotografía do exterior da vivenda, concretamente da fachada S e E. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G. 0153

42_ Fotografía do exterior da vivenda, fachadas S e E. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G. 03320.1

43_ Fotografía do exterior da vivenda, fachadas E e N. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G. 03326.7

44_ Fotografía do exterior da vivenda, fachadas E e N. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.2176

45_ Imaxe do exterior da vivenda vendose o alzado S e E. Tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

46_ Imaxe do exterior da vivenda, alzado S e E. Tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

47_ Imaxe do exterior da vivenda, alzados E e N. Tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

48_ Fotografía do exterior da vivenda, fachada O e S. Pertence ao artigo “Man.Camelle” do 30 de novembro de 2012 da revista TECTONICA, Lugares.

49_ Fotografía do interior da vivenda con Man na marxe esquerda. Tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

50_ Fotografía de visitantes. Imaxedo interior da vivenda con Man na marxe esquerda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.03319.4

51_ Fotografía de visitantes. Imaxe do interior da vivenda enfocando espello circular, Man no centro. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.03320.6

52_ Fotografía de visitantes. Imaxe do interior da vivenda enfocando espello circular. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.03319.3

53_ Fotografía realiza por Man. Vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.G.M. 0348

54_ Fotografía realiza por Man. Vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.G.M. 0398

55_ Fotografía realiza por Man. Vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.G.M. 0330

56_ Fotografía realiza por Man. Vivenda. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.G.M. 0339

57_ Imaxe de Man en primeiro plano traballando nas súas esculturas. Tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

58-61_ Crebas de plástico. Imaxes tomadas da base de datos do Museo e do propio Museo de Man: mar, arte e natureza. Na base de datos este apartado de crebas de plástico van dende o número C.M.G. 02768 ata C.M.G. 02725

62_ Fotografía do museo, 1980. Imaxe tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

63_ Fotografía escultura negra. Manolo Pose, 2004.

64_ Fotografía escultura branca con peza de menor tamaño ao fondo, filtro difusor. Manolo Pose, 1998.

65_ Fotografía do interior da vivenda, clara representación do arte pobre. Realizada por Carlos Silvar, 1980.

66_ Imaxe de distintas esculturas que conforman o museo-xardín. Pertence ao artigo "Man.Camelle" do 30 de novembro de 2012 da revista TECTONICA, Lugares.

67_ Imaxe tomada do museo con debuxos en cor negro. Tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

68_ Fotografía de visitantes. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.03313.2

69_ Fotografía de visitantes. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.03319.1

70_ Imaxe do museo de novo con pinturas en cor branco. Tomada da fundación Man, <http://www.mandecamelle.net/MAN.htm>

71_ Escultura. Creba formada por corais planos unidos cun cravo. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02801

72_ Escultura. Creba de coral con policromía. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02797

73_ Escultura. Creba decaracola policromada. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02803

74_ Escultura. Creba de cráneo de can policromado. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02770

75_ Escultura. Creba de vértebra policromada. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02786

76_ Escultura. Creba de coral con policromía. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02799

77_ Debuxo autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02844

78_ Debuxo autorretrato con rá policromada. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02841

79_ Debuxo autorretrato sobre táboa. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02834

80_ Debuxo autorretrato sobre táboa. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02833

81_ Debuxo autorretrato perfil esquerdo. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G.02837

82_ Fotografía realiza por Man. Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0049

83_ Fotografía realiza por Man. Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.1727

84_ Fotografía realiza por Man. Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.2288

85_ Fotografía realiza por Man. Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0053

86_ Fotografía realiza por Man. Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0331

87_ Fotografía realiza por Man. Autorretrato. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.2946

88_ Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0033

89_ Fotografía realiza por Man. Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0034

90_ Fotografía realiza por Man. Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0628

91_ Fotografía realiza por Man. Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0814

92_ Fotografía realiza por Man. Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0409

93_ Fotografía realiza por Man. Paisaxe. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.M.G.0410

94_ Imaxe dos temporais que destruíron parte da obra de Man nos últimos anos. Fotografía de Xurxo M. Baña, ano 2013


95_ Imaxe dos temporais que destruíron parte da obra de Man nos últimos anos. Fotografía de Xurxo M. Baña, ano 2013

96_ Pintura electrográfica. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G. 03026

97_ Pintura electrográfica. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.M.G. 03062

98_ Pintura sobre táboa. Tomada da base de datos do Museo Man: mar arte e natureza. Número de rexistro C.F.G.03065





TRABALLO FIN DE GRAO

Escola Técnica Superior de Arquitectura de A Coruña, ETSAC